


gálicia

top ten: dez lugares únicos



XUNTA DE GALICIA

Contidos

g 06 | RIBEIRA SACRA

Unha paisaxe privilexiada marcada polos ríos Miño e Sil, onde atoparemos unha das maiores concentracións de igrexas románicas de Europa.



06



10

g 10 | MURALLA DE LUGO

Declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, é un dos exemplos mellor conservados de fortificacións militares romanas.



14



18

g 14 | SERRA DA CAPELADA

As vistas más impresionantes desde uns dos cantís máis altos de Europa.



22



26

g 18 | FERROL DA ILUSTRAÇÃO

Non vos perdades a visita ao Arsenal, único porto militar da Ilustración intacto en Europa e a maior base naval da época.



30

g 22 | TORRE DE HÉRCULES

O faro máis antigo do mundo –de orixe romana– en funcionamento, o que lle valeu a declaración de Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.



34



38

g 26 | CAMIÑO DE SANTIAGO

Un camiño que une Europa co norte de España percorrendo recollidas igrexas, pontes, catedrais,... sempre co verde como pano de fondo.



g 30 | SANTIAGO DE COMPOSTELA

Un pequeno percorrido pola capital de Galicia, destino de peregrinación da cristiandade dende o século IX.



34

g 34 | FISTERRA

Un percorrido de increíbles vistas pola fin do mundo coñecido durante a Antigüidade.



42

g 38 | ILLAS CÍES

Paisaxes de verdes augas e areas brancas: a natureza no seu estado máis puro.

g 42 | SANTA TEGRA

A mellor panorámica castrexa entre dous países.

EDITA: Turgalicia. Estrada Santiago Noia Km. 3, 15896 Santiago

Tel.: 902 200 432 | Fax: 981 537 588 | cir.turgalicia@xunta.es

COORDINACIÓN: www.valoraconsigtores.com

DESEÑO E MAQUETA: Versal Comunicación S.L.

FOTOGRAFÍA: Arquivo Turgalicia

IMPRIME:

DEPÓSITO LEGAL:



TOP TEN: DEZ LUGARES ÚNICOS

Galicia é auga, é terra, é vento... Galicia é sentimento, paixón, ledicia, morriña... Galicia é arte, historia, lenda... É todo aquilo que vos fai soñar, emocionarvos, marabillarvos... Todo isto é Galicia, unha terra que iredes descubrindo pouco a pouco, paso a paso... Por iso, vos presentamos unha selección de Dez Lugares Únicos desta terra que de seguro non vos han deixar indiferentes e que, sen dúbida, encarnan a esencia de Galicia: atoparédesvos con marabillas naturais, como as illas Cíes ou os acantilados de Vixía Herbeira, monumentos Patrimonio da Humanidade, como a Muralla de Lugo, a Torre de Hércules ou o Camiño de Santiago e o seu Casco Antigo, lugares únicos pola súa beleza arquitectónica e paisaxística, como a Ribeira Sacra ou o Ferrol da Ilustración, e outros lugares non menos especiais polo seu valor mitolóxico ou histórico, como o Cabo Fisterra ou o Castro de Santa Tegra.





10 Lugares Únicos

Gárdasme o segredo?



Autoestrada / Autovía
Rede de alta capacidade
Outras







Ribeira Sacra



A primeira parada do noso percorrido polos “10 lugares únicos de Galicia” é a Ribeira Sacra, onde se atopa a meirande concentración de construcións relixiosas de estilo románico en Europa.

Gárdasme o segredo?





Ribeiras do río Miño


1

Ribeira Sacra

A Ribeira Sacra é unha terra marcada polos ríos Miño e Sil que, ao seu paso entre as montañas, van moldeando a súa fermosa paisaxe. Todo isto, unido á fe e á espiritualidade que ainda envolven os numerosos mosteiros espallados por estas terras, fan deste recuncho de Galicia unha apostase segura para os sentidos.

Internádevos nesta atmosfera máxica para coñecer un lugar tan especial como Santo Estevo de Ribas de Sil, antigo convento cuxo edificio foi totalmente rehabilitado e integrado na rede de Paradores Nacionais. Outro dos mosteiros que non podes perdes é o de San Pedro de Rocas, un templo escavado en rocha viva. Ao entrar na igrexa, a sensación é moi similar á de estar nunha

Santo Estevo de Ribas de Miño



cova primitiva. Rodeando o templo, poderedes descubrir sepulturas antropomorfas, ás que a pedra, a choiva acumulada e o líque lles dan un verniz máxico. Pero estes son só dous exemplos de todo o patrimonio que podes atopar na Ribeira Sacra, hai moitísimo máis agardando por vós nas riveiras do Miño e do Sil, como as igrexas de San Paio de Diomondi e a de San Miguel de Eiré, ou os mosteiros de Santa Cristina de Ribas de Sil e Montederramo.

Pero non todo é patrimonio arquitectónico na Ribeira Sacra, a súa paisaxe,




formada por bosque autóctono, é o lugar ideal para que os amantes da natureza poidan facer distintas rutas. Non esquezades fazer unha parada para contemplar a grande obra da natureza no canón do río Mao, cos seus impresionantes saltos. E, se o que vos gusta é contemplar paisaxes, achegádevos ata Parada de Sil, onde vos agardan os canóns más agrestes e escarpados de toda a zona. Os más sonados son “os balcóns de Madrid”, dende os que podemos apreciar a espectacularidade dos canóns, pendurados sobre o baleiro, e sempre que non teñades medo ás alturas.

Falar da Ribeira Sacra tamén é falar de viño, o cal se aprecia nada máis poñer o pé nestas terras: a súa paisaxe está marcada polos coñecidos

“socalcos”, viñedos en bancais situados nas ladeiras das montañas. Xa que estades nestas terras, non perdades a oportunidade de probar os seus deliciosos viños, que forman parte dunha das 5 denominacións de orixe vinícolas que existen en Galicia.

Esperamos que vos despidades da Ribeira Sacra co espírito en paz despois de percorrer os seus montes máxicos, onde a natureza salvaxe e a fe conviven en perfecta harmonía. Guiados polas ribeiras do Miño, ou ben navegando polos canóns do Sil, descubriredes recunchos inaccesibles por terra onde se agochan auténticas xoias medievais entre os socalcos que fan desta terra un lugar moi próximo ao paraíso.





Muralla de Lugo



A nosa especial viaxe pasa pola cidade de Lugo, cuxa muralla é o exemplo que mellor sobrevive de todas as fortificacións militares romanas. Declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 2000, é un exemplo excepcional do tipo de construción que ilustra un período significativo da nosa historia.

Gárdasme o segredo?





Dende as súas orixes romanas, pasando pola axitada época medieval ata o innovador e revolucionario século XIX, conforma un monumento singular que proba as distintas facetas da evolución dunha cidade como Lugo, a cal é, en si mesma, un importante conxunto histórico-artístico dende a orixinal *Lucus Augusti*.

En Lugo todo xira ao redor da muralla, esta é o corazón da cidade. Subir ao seu adarve e percorrer os case 2,3 quilómetros deste ancho paseo bimilenario transportaravos a outros tempos pero, sen dúbida, a xente paseando, falando ou facendo deporte fará que vos decatededes de que a muralla está máis viva que nunca, pois parece unha rúa máis desta encantadora cidade.

Ao redor da muralla, Lugo posúe outro importante patrimonio que debedes visitar unha vez que vos encontredes na cidade, como o burgo vello ou a catedral. Sen dúbida ningunha, un paseo polo seu encantador centro histórico levaravos a algúns establecementos onde poderedes repoñer forzas: non deixedes de probar o polbo á feira, o lacón con grelos nin as filloas con mel. Por algo hai un lema que di: e para comer, Lugo!

Pero Lugo é moito máis. Se vos cadra de chegar aquí no solsticio de verán ou a primeiros de outubro, poderedes mesturarvos co bulicio dos miles de visitantes que acoden ao “Arde Lucus”, unha celebración na que se evoca o pasado romano da cidade, e ás festas patronais de San Froilán, respectivamente.


Por último, non debemos esquecer que Lugo é cidade de paso dun dos ríos más importantes de Galicia, o Miño, á beira do cal hai habilitado un importante espazo verde que podes percorrer baixo as copas de árbores autóctonas.

E así, acompañados polo frescor da ribeira do Miño, despedídevos desta fermosa cidade, por algo xa os romanos se fixaron nela.

Muralla e Catedral de Lugo



Porta de San Pedro de Toledo



g

Serra da Capelada



Continuamos coa nosa peregrinaxe polos “10 lugares únicos de Galicia” cara ao norte, ata a serra da Capelada, onde se atopan uns dos acantilados más altos de Europa.

Gárdasme o segredo?





3

Serra da Capelada

O seu pico más alto é o de Vixía Herbeira, a 620 metros sobre o nivel do mar. Dende alí, poderedes apreciar toda a grandiosidade e magnitude destes acantilados, os más altos por detrás dos fiordos noruegueses, pois á súa elevada altitude súmase unha pendente de máis do 80%. As vistas son impresionantes desde alí: unha marabillosa panorámica do poderoso océano Atlántico e da agreste costa nas proximidades de Santo André son, sen dúbida ningunha, unhas das más excepcionais de toda a costa europea.

E, falando de Santo André, non deixedes pasar a oportunidade de achegarvos ata o santuario que se atopa no camiño de ascenso ata a serra da Capelada. Trátase dun dos más venerados de Galicia ao que, como reza o dito, “vai de morto quen non foi de vivo”. Se queredes cumplir coa tradición, depositade unha pedra nos “milladoiros” (montonciños de pedras) que hai no camiño como proba da vosa visita. E, se o que queredes é atopar parella, facédevos coa “herba de namorar”, nunca se sabe...

Unha vez na serra da Capelada, continuade o voso camiño e aproveitade para visitar o cabo Ortegal co seu faro, onde quedaredes abraiados coa forza



do mar batendo contra os “Aguillóns”, rochas punzantes que emerxen do mar nas que as ondas descargan toda a súa forza. A vosa experiencia verase reforzada se vos coincide chegar con temporal, pois daquela veredes a bravura do mar en todo o seu esplendor, unha sensación de poder que xamais esqueceredes. Unha vez alí, respirade profundo e sentide a inmensidaxe da terra, a forza do vento e a paz que transmite este lugar.

Se baixades ata Cariño e as forzas vos fraquean, non esquezades que podedes degustar un saboroso guiso de raia ou un revolto de ourizos e algas, produtos típicos da gastronomía local que vos inundarán co sabor do mar.

Sen dúbida ningunha, a fin desta viaxe estará marcada polo zoar do vento, o salitre na pel e o pelo enredado pero, sobre todo, pola sensación de que estivestes nun lugar de paisaxes únicas, case inalcanzables, ou máis ben... inesquecibles.

Santuario de Santo André de Teixido




Santo André de Teixido e punta Valteira







Ferrol da Ilustración



O noso percorrido polo norte de Galicia achéganos ata a cidade de Ferrol para ver o seu Arseal, único porto militar da Ilustración intacto en Europa e a maior base naval da época...

Gárdasme o segredo?




Aínda que nas súas orixes Ferrol foi unha vila de forte tradición mariñeira, ao longo do século XVI o seu porto comezou a acoller os buques da Armada Real. Posteriormente, serían os monarcas Felipe V, Fernando VI e Carlos III os que impulsarían a construción desta grande obra, para converter a cidade na principal base militar do noroeste español e na meirande base naval da época en Europa. No seu interior, ao que poderedes acceder solicitando permiso, atópase a Sala de Armas que funciona actualmente como cuartel de instrución. Ademais, podedes visitar o Museo Naval e o Dique da Campá, un dos máis grandes do mundo. Non hai que esquecer tampouco a Exponav, importante exposición sobre a construcción naval.

Outra das paradas obrigadas en Ferrol é o coñecido Barrio da Magdalena, que vos achegará á historia desta cidade industrial e mariñeira. Durante o percorrido por este barrio, iluminado polas galerías e de trazado perfecto (en forma de libra de chocolate), non esquezades arrimarvos aos balcóns dos Xardíns de Herrera, lugar



Castelo de San Felipe



desde o que teredes unha magnífica panorámica do Arsenal. O Teatro Jofre, a igrexa de San Xiao ou o Ateneo Ferrolán son outros dos elementos que vos acompañarán na vosa visita. Afastándonos do centro da cidade, podemos finalizar a ruta visitando o barrio mariñeiro da Graña, coas súas típicas casas estreitas e rúas empedradas que nos levarán ata o Castelo de San Felipe. Esta fortaleza é un fiel reflexo do estilo dos modelos académicos da súa época, a Ilustración.

Contemplando desde aquí as magníficas vistas sobre a ría e o Castelo da Palma, situado no municipio de Mugardos, será imposible non recordar a importancia histórica e cultural do conxunto formado polas fortalezas defensivas da ría de Ferrol e do Arsenal Militar, que facían desta entrada un fortín inexpugnable desde o mar, sobre todo para as incursións inglesas.

Se vos coincide co solpor, este é o final perfecto: o sol caendo sobre as augas quedas da ría con vistas a Ferrol, esta cidade mariñeira e naval que vos acolleu durante o día.

O Arsenal




g

Torre de Hércules



E continuamos o noso periplo polos “10 lugares únicos de Galicia” saltando dunha cidade á outra. Chegamos á Coruña para admirar a Torre de Hércules, o faro máis antigo do mundo –de orixe romana– en funcionamento, o que lle valeu a declaración de Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Gárdasme o segredo?





O Farum Brigantium foi construído polo Imperio Romano a finais do século I ou a primeiros do século seguinte. Situado na entrada do porto da Coruña, este monumental faro foi deseñado para facilitar a navegación ao longo da recortada costa galaica, un punto estratégico ao longo da ruta marítima que unía o Mediterráneo co noroeste de Europa.

Segundo conta a lenda, o heroe grego Hércules chegou a España na busca do xigante Xerión, co fin de liberar estas terras do seu abusivo poder. O confrontamento que protagonizaron alongouse durante tres días coas súas noites, con resultado favorable a Hércules, que venceu ao xigante e lle cortou a cabeza, enterrándoa xunto ao mar. Nese lugar, e como conmemoración da súa vitoria, construíuse un faro, nas proximidades do cal se fundou a cidade de Crunia, nome da primeira muller que habitou o lugar e da cal Hércules se namorou. Subide as súas empinadas escaleiras e, unha vez arriba, gozade dunha abraiente panorámica da cidade da Coruña e do océano Atlántico mentres o vento zoa con forza. Pero tede coidado de non facer ruído, non sexa que espertedes ao xigante...

Non deixedes de percorrer o seu paseo marítimo, visitando as coñecidas praias de Orzán e Riazor, onde o bater do mar é todo un espectáculo. Outras das visitas inescusables da cidade é a zona da Marina coas súas galerías, polas que A Coruña recibe o alcume de "cidade de cristal".


Aproveitade para percorrer esta fachada da cidade, onde podedes parar para refrescarvos nalgún dos seus tradicionais cafés, mentres degustades un delicioso xeado artesán. Achegádevos tamén ata os xardíns de Méndez Núñez e logo paseade pola rúa Real, a cal desemboca na praza más coñecida da cidade, a de María Pita. Alí podedes admirar unha estatua en honor á heroína máis popular da cidade ao tempo que tomades un delicioso aperitivo nalgúnha das súas terrazas. Despedídevos ata outra deste fermoso

“balcón do Atlántico” coa sensación de que fostes agarimados non só polo recendo a mar e o vento salgado, senón tamén pola súa xente pois, dende fai moito tempo, dise que esta é a cidade onde ninguén é forasteiro.

“Os surfeiros” da praia do Orzán



Paseo marítimo e Torre de Hércules







Camiño de Santiago



No noso especial percorrido por Galicia non podería faltar o seu más emblemático camiño. Collede a vosa roupa deportiva, unha mochila e calzado cómodo, pois non debedes abandonar esta Terra sen fazer polo menos un pequeno tramo do Camiño de Santiago. Unha ruta que aínda esconde segredos á espera de ser descubertos.

Gárdasme o segredo?



6

Camiño de Santiago

A ruta de peregrinación a Santiago xogou un rol fundamental ao facilitar o intercambio cultural entre a Península Ibérica e o resto de Europa durante a Idade Media. Así, o Camiño de Santiago foi declarado Primeiro Itinerario Europeo de Interese Cultural polo Consello de Europa en 1987.

O coñecido como Camiño Francés foi declarado tamén Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1993. Dentro de España, esta é a ruta que ten unha meirande tradición histórica e a más coñecida internacionalmente. Comeza en Roncesvalles (Navarra) e chega ata Santiago de

Compostela, logo de percorrer 750 quilómetros transitando por recollidas igrexas, pontes, catedrais, mosteiros... sempre co verde como pano de fondo.

Se queredes obter “a Compostela” –a credencial histórica do peregrino–, debedes fazer os últimos 100 quilómetros a pé ou a cabalo ou os últimos 200 quilómetros, en caso de facelo en bicicleta. Non esquezades que este pasaporte de peregrino debe estar debidamente cumplimentado, con polo menos 2 selos cada día. Moita xente comeza o seu camiño na vila de Sarria, pois dista da cidade compostelá uns 113

quilómetros, co que se cumple esta condición de peregrino.

Desde Sarria, entraredes en contacto co corazón da Galicia más rural, atravesando as provincias de Lugo e A Coruña. Durante o percorrido, pasaredes por esas carballeiras, soutos e praderías nas que poderedes ver vacas de raza rubia galega pacendo tranquilamente. Esta é, sen dúbida, unha boa oportunidade para ver de preto a vida no campo e para enchouparvos do aire puro destas verdes terras.

Aproveitade voso paso polas terras da Ulloa, para probar os seus saborosos queixos con denominación de orixe: un delicioso alto no camiño para descansar e repoñer forzas.

Un último esforzo levaravos ata a aldea de San Marcos, antes de alcanzar o Monte do Gozo. Desde alí, os peregrinos divisan a cidade de Santiago de Compostela e as torres da catedral. Este intre espertaravos unha morea de sensacions e será o mellor aliciente para continuar pese o cansazo acumulado. Ademais, moi probablemente coincidades con outros grupos de peregrinos, o cal aínda lle dará máis emoción ao momento.

A partir deste lugar, iredes descendendo ata chegar ao barrio de San Lázaro e a continuación ao de San Pedro. A entrada ao casco histórico de Santiago realiza pola "Porta do Camiño", unha das sete que franqueaba a desaparecida muralla medieval.

Cando cheguedes á monumental praza do Obradoiro, a emoción apoderarase de vós: o son da gaita de fondo, a catedral como protagonista do momento, o cansazo acumulado e a sensación de ter cumplida unha meta, un desexo.

Peregrinos no Pino



Mosteiro de Samos






Santiago de Compostela



A nosa viaxe chega agora á capital de Galicia, Santiago de Compostela, Patrimonio da Humanidade e destino de peregrinación da cristiandade dende o século IX.

Gárdasme o segredo?



Ao longo dos séculos, miles de peregrinos portaron a cuncha de vieira e camiñaron ata o santuario galego seguindo os diversos camiños de Santiago, verdadeiras sendas de fe. A todo isto hai que sumarlle que, tanto durante o período románico coma durante o barroco, o santuario de Santiago de Compostela exerceu unha influencia decisiva sobre o desenvolvemento da arquitectura, non só en Galicia, senón tamén no Norte da Península Ibérica.

Antes de entrar na catedral, o ideal é percorrer devagar as diversas rúas do casco histórico, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1985 e coñecido popularmente como "a améndoa". A rúa do Franco, cos seus típicos restaurantes, ou a rúa do Vilar, cos seus soportais, son dous bos expoñentes da súa faceta medieval. Unha vez alí, achegádevos ata a praza do Obradoiro e mirade ao voso redor: o pazo de Raxoi, sede da Casa do Concello; o Hostal dos Reis Católicos, actualmente Parador Nacional de Turismo; o colexio de San Xerome, sede do reitorado da Universidade e a Catedral forman un marco excepcional que fará que vos sintades pequenos ante semellante conxunto monumental. O son da gaita de fondo enriquecerá, se cabe, a vosa experiencia, pois un gaiteiro adoita tocar baixo o arco do pazo de Xelmírez, así que, xa sabedes, afinade o voso oído!

A Catedral desde a Alameda



Casco histórico de Santiago





Accedede á catedral polo magnífico Pórtico da Gloria, obra do Mestre Mateo, onde a súa efixie (coñecida como “santo dos croques”) e o cómplice sorriso do profeta Daniel vos darán a benvida. Percorrede o interior deste templo con recollemento, devagar, sendo conscientes da magnitude desta obra. Visitade cada capela e fixádevos nos detalles do seu impresionante altar maior. Podedes aproveitar para escouitar a misa e, cun pouco de sorte, veredes o botafumeiro, un incensario de grandes dimensíons que conforma un rito único desta cidade. Sen dúbida ningunha, vós tamén sentiredes o recollemento e a emoción dos peregrinos, unha sensación de chegar á meta, de deseños cumplidos...

Non deixedes de visitar as distintas prazas que rodean a catedral, como a da Inmaculada, a da Quintana e a de Praterías, que precisamente está coroada pola única fachada románica que permanece no templo. Por suposto, os nomes

destas prazas veñen dos antigos gremios medievais, algo que áinda se conserva, pois podedes atopar distintos establecementos nos que mercar prata ou acibeche, unha lembranza perfecta desta cidade.

Logo deste máxico percorrido, non podedes deixar Santiago sen facer boca nalgún dos seus típicos restaurantes. Sorprenden ao visitante as vitrinas refrixeradas que expoñen ao exterior os mellores manxares das rías e terras galegas: percebes, polbo, centolo, robaliza, tenreira galega e un longo etcétera. Todo isto acompañado dos mellores viños galegos. Como sobremesa, a torta de Santiago, feita con améndoа, é unha boa opción para adozar a boca.

Para rematar a visita a Santiago, nada mellor que achegarse ata a Alameda e ao seu paseo da Ferradura, dende onde teredes unha magnífica panorámica da catedral. Con seguridade, a mellor despedida desta viaxe pola capital de Galicia.

g Cabo Fisterra



Santiago de Compostela é a fin tradicional da peregrinación xacobeira, pero en certa medida no é o remate do Camiño. Miles de persoas deciden continuar a súa senda de espiritualidade ata chegar ao punto máis occidental da Península Ibérica na comarca de Fisterra (a Fin da Terra, como a denominaban os romanos).

Gárdasme o segredo?





8

Cabo Fisterra

Fisterra foi considerado durante a Antigüidade como a fin do mundo coñecido. De feito, a súa posición xeográfica e os impresionantes solpores fixéronlle crer a Décimo Xuño Bruto (xeneral romano que dirixiu a conquista de Galicia) que este era, efectivamente, o lugar onde morría o sol. O contorno deste cabo foi un lugar máxico dende sempre, pois dise que neste lugar se atopaba a *Ara Solis*, un altar, segundo conta a lenda, no que os fenicios practicaban o culto ao sol. Así pois, animámosvos a facer un percorrido por este recuncho das nosas costas onde a maxia do lugar guiará os vosos pasos.

Á vosa chegada á vila de Fisterra visitade a zona do porto onde poderedes contemplar o ir e vir das embarcacións nun mar tan quedo que non vos dará a impresión de atoparvos na fera Costa da Morte. Perdédевos entre as rúas desta vila mariñeira e achegádevos a algunha das súas tabernas onde as anécdotas dos vellos lobos de mar vos acompañarán, ao tempo que dades conta dun bo prato de longueiróns como aperitivo ou de calquera outro saboroso produto destas augas. Continuade a viaxe cara á zona do faro, non sen antes detervos no santuario románico de Santa María das Areas que alberga no seu interior a venerada imaxe do Cristo da Barba Dourada. Conta a lenda que unha embarcación se desfixo del por ter dificultades na navegación, chegando á vila arrastrado polo mar. Non deixedes pasar a

Contorna do cabo Fisterra



oportunidade de achegarvos a esta imaxe para poder comprobar en por vós se é verdade o que todos contan: aseguran que lle medran os cabelos e as unllas...

No camiño cara á fin do mundo, debemos coñecer outro máxico lugar: as ruínas da ermida de San Guillermo, un lugar impregnado de poderes máxicos relacionados coa fecundidade. De feito, este é un lugar ao que, aínda non hai moito tempo, acudían esperanzadas as parellas



buscando un milagre para concibir o fillo que non chegaba.

Segundo a mesma estrada, non é estraño que atopemos máis dun peregrino camiñando pasenijo mentres se recrea nas vistas da ría de Corcubión, co monte Pindo ao fondo.

Unha vez no faro, as maxestosas vistas do acantilado sobre o océano Atlántico, o mar batendo con forza e a sensación de que non hai nada máis que se interpoña entre este anaco de terra e o novo continente, deixará pegada en vós, pois non todos os días se ten a oportunidade de ver o solpor na Fin do Mundo.



Vila de Fisterra desde o monte San Guillermo



Illas Cíes




Desprazámonos agora cara ao sur, para coñecer as Illas Cíes. Trátase dun dos arquipélagos que xunto coas illas de Ons, Sálvora e Cortegada, forman parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Gárdasme o segredo?





Praia de Figueiras



Illa do Medio desde a "cadeira da Raña"

9

Illas Cíes

A riqueza tanto faunística coma vexetal, xunto coa espectacularidade das súas paisaxes, fan que estas illas sexan consideradas unha das xoias do patrimonio natural de Galicia.

Falar das illas Cíes é falar de natureza no seu estado puro. Desde os portos de Vigo, Cangas ou Baiona parten, en temporda alta, os catamaráns

de liña regular. Como ancestrais leviatáns, agrestes e indomables, a estampa das illas ao fondo da ría de Vigo presidirá a nosa viaxe en barco. Durante a travesía, gaivotas, corvos mariños, mascatos e os sempre alegres golfiños serán os nosos compañeiros de viaxe. Unha morea de pequenos barcos de pesca artesanal salpicarán o mar durante a viaxe, demostrando así a riqueza dos fondos mariños galegos.

O arquipélago compónse de tres illas: a Norte ou Monteagudo, a do Medio ou do Faro e a Sur ou San Martiño, as cales xa Prolomeo bautizou como "as illas dos deuses".



Ao chegar á illa Norte, podrédes optar polo descanso no fermoso areal da praia de Rodas ou achegarvos a un máis tranquilo, como o de Figueiras. As súas claras e ricas augas farán as delicias de todo aquel que guste de somerxerse nelas. Sargos, robalizas, pintos, maragotas, invertebrados de todo tipo, algas de diversas cores... serán o recordo que levaredes tras mergullarvos no paraíso submarino que forman as Cíes.


De obrigado cumprimento é a visita ao Centro de Interpretación, onde vos darán toda a información relativa a este paraíso. As sendas que conducen

aos faros nos ofrecen belas camiñadas que os amantes das rutas de sendeirismo saberán apreciar. O sendeiro que chega ata o cumio do monte Faro non ten igual. As vistas que nos ofrece o seu serpeante tramo final compensarán o esforzo da ascensión. Se toda esa panorámica a enmarcamos nun solpor, entón esa imaxe quedará gravada nas nosas retinas de por vida.

Chegado o final do día, despedídevos deste reduto de paz e de vida mentres o mar das Cíes se vai confundido co ceo xa avermellado e só o roncel do voso barco vos une con este paraíso celestial na terra.



Santa Tegra



Para finalizar o percorrido polos “10 lugares únicos de Galicia,” chegamos ata o concello da Guarda no que se atopa o castro de Santa Tegra. Desde el, poderedes observar unha impresionante panorámica sobre a desembocadura do río Miño, entre España e Portugal.

Gárdasme o segredo?






10

Santa Tegra

Aos pés do castro (ancestral poboado galaico), o río Miño vértese no poderoso océano Atlántico. A costa portuguesa e a galega enmarcan a espectacular paisaxe que se denomina desde o alto do monte de Santa Tegra. O mellor é levarse unha boa cámara que inmortalice o momento.

A panorámica ten ainda máis valor se facemos unha viaxe no tempo: os habitantes do castro xa gozaban destas magníficas vistas desde as súas vivendas. Por suposto, a situación do asentamento non se debía ás paisaxes, senón más ben a razóns estratégicas e de seguridade pois, deste xeito, tiñan controlado o tráfico marítimo e a desembocadura do río Miño.



Castro de Santa Tegra



Este poboado, situado a 341 metros de altura, chegou a acoller unhas 5.000 persoas durante a súa época de maior esplendor, aló polo século I a. C., sendo un dos máis grandes do noroeste peninsular. Está formado por vivendas ovaladas na súa meirande parte pero tamén as hai rectangulares, con esquinas redondeadas, por influencia das técnicas construtivas dos romanos. Aínda que vos pareza un poboado caótico, hai unha orde lóxica arredor das “unidades familiares”, que vos poderíades animar a descubrir, así como os petróglifos que hai nos arredores e dentro do recinto. Os seus moradores elaboraban cerámicas, xoias, tecidos e instrumentos diversos que poderedes coñecer se visitades o Museo Arqueolóxico da Guarda.

Nesta vila costeira, unha visita ao porto é parada obrigada. Alí, poderedes ver como as embarcacións descansan antes de comezar un novo día de faena, sempre co son das gaivotas e o leve runrún dos motores dos barcos como pano de fondo.

O broche final a esta xornada podemos poñelo vendo atardecer nalgunha das terrazas da vila mentres degustades unha fresca lagosta, cuxa festa gastronómica se celebra en xullo.

Despedirédesvos destas terras, bañadas polas augas do río Miño e do océano Atlántico, coa grata sensación de que vos achegastes a unha importante etapa da historia de Galicia, coñecendo un dos castros más visitados de Galicia.



ENDEREZOS DE INTERESE

OFICINAS DE TURISMO DA XUNTA DE GALICIA

OFICINAS DE TURISMO DE LA XUNTA DE GALICIA - TOURIST OFFICES OF THE XUNTA DE GALICIA

BUREAUX DE TURISME DE LA XUNTA DE GALICE - FREMDENVERKEHRSÄMTER DER REGIONAL

REGIERUNG VON GALICIEN - POSTOS DE TURISMO DA XUNTA DE GALICIA

A CORUÑA

Dársena de la Marina
15001 A CORUÑA
Tel.: 981 22 18 22 · Fax: 981 22 18 22
oficina.turismo.coruna@xunta.es

FERROL

Rúa Magdalena, 12 baixo
15402 - FERROL (A CORUÑA)
Tel.: 981 31 11 79 · Fax: 981 33 71 31
oficina.turismo.ferrol@xunta.es

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa do Vilar, 30-32
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
(A CORUÑA)
Tel.: 981 58 40 81
Fax: 981 56 51 78
ot.santiago@xunta.es

LUGO

R/Miño, 10-12
27001 LUGO
Tel.: 982 23 13 61 · Fax: 982 23 13 61
oficina.turismo.lugo@xunta.es

OURENSE

Edif. "Caseta de Legoeiro". Ponte
Romana.
Enlace N-120 con R/Progreso
32003 OURENSE
Tel.: 988 37 20 20 · Fax: 988 21 49 76
oficina.turismo.ourense@xunta.es

PONTEVEDRA

Rúa Marqués de Riestra, 30 baixo,
local A
36005 PONTEVEDRA
Tel.: 986 85 08 14 · Fax: 986 84 81 23
oficina.turismo.pontevedra@xunta.es

VIGO

Av. Cánovas del Castillo, 22
36202 VIGO (PONTEVEDRA)
Tel.: 986 43 05 77 · Fax: 986 43 00 80
oficina.turismo.vigo@xunta.es

MADRID

C/Casado del Alisal, 8 28014 MADRID
Tel.: 91 595 42 14 · Fax: 91 595 42 68
ot.gal.madrid@xunta.es

Gárdasme o segredo?

Obras: mariñas creativas